

ACTA NÚM. 2/2023.

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO DE BRIÓN O
DÍA 15 DE FEBREIRO DE 2023.**

No salón de plenos da Casa do Concello de Brión, sendo as 13,00 horas do día 15 de febreiro de 2023, reuníronse en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as de seguido relacionados, baixo a presidencia do Sr. Alcalde PABLO LAGO SANMARTÍN, co obxecto de celebrar sesión ordinaria correspondente ao día da data para a que foron previamente citados.

ALCALDE:
PABLO LAGO SANMARTÍN.(PSG-PSOE).

CONCELLEIRAS/OS PRESENTES:

-. PSG-PSOE:
CARLOS NOYA PEREIRA.
SANDY MARIE CEBRAL GÓMEZ.
JOSÉ LUIS SAMPEDRO BOUZAS.
YOLANDA BOUZAS ALFONSÍN.
MARÍA GUARINA REY VÁZQUEZ.
MARÍA ROSA ROMERO FARIÑA.

-. PP:
MARÍA FARIÑA BELLÓN.
WALDO CARBALLO GARCÍA.
NATALIA FARIÑA GARCÍA.

-. BNG:
XOSÉ LUIS PENAS CORRAL.
FRUCTUOSO SOUTO CASTIÑEIRA.

Non asiste:
MARÍA CARMEN TOUCEDA FREIRE.

Secretario: Javier Nieves González, secretario do Concello.

Asiste a interventora do Concello Ana Isabel Candame Areosa.

Co quórum establecido polas disposicións legais vixentes para a válida constitución do Pleno, polo Sr. Alcalde declarouse público e aberto o acto, adoptándose os seguintes acordos:

1º) APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR DO 08.02.2023.

2º) RELACIÓN DE DECRETOS DITADOS DESDE A ÚLTIMA SESIÓN ORDINARIA, DO 16.12.2022 AO 10.02.2023.

3º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE EXPEDIENTE DE RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS NÚM. 1/2023.

4º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE BRIÓN E A REAL FEDERACIÓN GALEGA DE FÚTBOL PARA O ACONDICIONAMENTO DAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS.

5º) MOCIÓN.

6º) ROGOS E PREGUNTAS.

1º) APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR DO 08.02.2023.

De conformidade co artigo 91 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, preguntouse se algún membro do Pleno tiña que formular algunha observación ou reparo á acta da sesión anterior núm. 1/2023, do 08.02.2023. Sometida a votación, o Pleno do Concello por unanimidade dos doce membros presentes acorda aprobala.

2º) RELACIÓN DE DECRETOS DITADOS DESDE A ÚLTIMA SESIÓN ORDINARIA, DO 16.12.2022 AO 10.02.2023.

Pola alcaldía, de conformidade co artigo 42 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais e art. 22.2. a) da Lei 7/85, do 2 de abril, deuse conta da relación de decretos que de seguido se transcriben en extracto:

Nº Decreto	Data sinatura	Asunto
000780/2022	16/12/2022	DECRETO PADRÓN ACTIVIDADES CULTURAIS E DEPORTIVAS 1º PRAZO CURSO 2022/2023.
000781/2022	16/12/2022	DECRETO DE APROBACIÓN DA CONTA XUSTIFICATIVA DA SUBVENCIÓN NOMINATIVA 2002 DO CLUB DE BALONCESTO DE BRIÓN.
000782/2022	16/12/2022	ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DE ARRENDAMENTO DE NAVE-ALMACÉN PARA A BRIGADA DE OBRAS E SERVIZOS.
000783/2022	16/12/2022	DECRETO DEVOLUCIÓN DE AVAL.
000784/2022	16/12/2022	RELACIÓN DE FACTURAS F/2022/69 CONTRATO
000785/2022	16/12/2022	DECRETO DEVOLUCIÓN DE AVAL.
000786/2022	19/12/2022	APROBACIÓN DA XUSTIFICACIÓN E RECOÑECIMENTO DE CRÉDITO COA ASOCIACIÓN AMIGA.
000787/2022	19/12/2022	DECRETO DE CONVOCATORIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL ORDINARIA DO 20/12/2022, ÁS 14.00 HORAS.
000788/2022	19/12/2022	NOMEAMENTO PERSOAL EVENTUAL: COORDINADORA GABINETE DA ALCALDÍA.
000789/2022	20/12/2022	DECRETO DEVOLUCIÓN GARANTÍA DEFINITIVA.
000790/2022	20/12/2022	DEVOLUCIÓN DE GARANTÍA DEFINITIVA.
000791/2022	20/12/2022	MONITORAXE DAS ACTIVIDADES DE CONCILIA NADAL 2022-2023.
000792/2022	20/12/2022	ACHEGA 2022 FUNDACIÓN ROSALÍA DE CASTRO SEGUNDO CONVENIO DE COLABORACIÓN ASINADO.
000793/2022	20/12/2022	CONTRATO MENOR PARA OBRA DE RENOVACIÓN DO PAVIMENTO DA PISTA DO PAVILLÓN POLIDEPORTIVO DE BRIÓN.
000794/2022	20/12/2022	DECRETO SUBVENCIÓN SERVIZOS SOCIAIS DEPUTACIÓN 2023.
000795/2022	21/12/2022	DECRETO LIQUIDACIÓN TAXA RECOLLIDA LIXO.
000796/2022	21/12/2022	APROBACIÓN CERTIFICACIÓN ÚNICA OBRA INSTALACIÓN 24 LUMINARIAS NO PAVILLÓN MUNICIPAL.
000797/2022	21/12/2022	DECRETO DE APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE NÓMINA DE PAGA EXTRA DE DECEMBRO DE 2022.

000798/2022	21/12/2022	EXPEDICIÓN DE LICENZA ADMINISTRATIVA PARA A TENZA DE ANIMAIS POTENCIALMENTE PERIGOSOS.
000799/2022	21/12/2022	LIQUIDACIÓN ACHEGAS TRANSPORTE METROPOLITANO DE GALICIA 2021-2022.
000800/2022	21/12/2022	COTAS MANCOMUNIDADE CONCELLOS SERRA DO BARBANZA LB/10.22, LB/11.22 E LB/12.22.
000801/2022	21/12/2022	CONTA XUSTIFICATIVA DA ASIGNACIÓN ECONÓMICA DO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL DO PP.
000802/2022	22/12/2022	APROBACIÓN DO PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE DA OBRA DO NOVO PARQUE INFANTIL CUBERTO EN LAMIÑO.
000803/2022	22/12/2022	DIETAS E LOCOMOCIÓN PERSOAL - DECEMBRO 2022.
000804/2022	23/12/2022	CONTRATO MENOR PARA OBRAS DE BACHEO DE PISTA EN CHAVE DE PONTE, BASTAVALES.
000805/2022	23/12/2022	ASISTENCIA A ÓRGANOS COLEXIADOS DO 01.07.2022 A 22.12.2022.
000806/2022	26/12/2022	RECOÑECEMENTO DE TRIENIOS A FAVOR DO PERSOAL MUNICIPAL. ANO 2022.
000807/2022	26/12/2022	APROBACIÓN DA CONTA XUSTIFICATIVA DO PUNTO LIMPO MÓBIL.
000808/2022	26/12/2022	EXCEDENCIA VOLUNTARIA POR INTERESE PARTICULAR DUNHA EMPREGADA MUNICIPAL.
000809/2022	26/12/2022	PRÓRROGA DA LISTA DE AGARDA DE TÉCNICOS/AS DE EDUCACIÓN INFANTIL DO CONCELLO DE BRIÓN.
000810/2022	26/12/2022	PRÓRROGA DA LISTA DE AGARDA DE PEÓNES GES.
000811/2022	27/12/2022	APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE NÓMINA. DECEMBRO 2022.
000812/2022	27/12/2022	LIQUIDACIÓN DE ANUNCIOS NA REVISTA ALTAMIRA ANO 2022.
000813/2022	28/12/2022	APROBACIÓN CERTIFICACIÓN ÚNICA OBRAS REFORZO E MELLORA ESTRUCTURAL DO ACCESO Á ALDEA DE VILAS.
000814/2022	28/12/2022	LIQUIDACIÓN CONCELLO DE BRIÓN 25% DA ACHEGA PREVISTA NO CONVENIO PARA A SOLICITUDE CONXUNTA DUNHA SUBVENCIÓN Á XUNTA DE GALICIA PARA A REALIZACIÓN DUN OBRADOIRO DUAL DE EMPREGO.
000815/2022	28/12/2022	DECRETO DEVOLUCIÓN TAXA CONEXIÓN SANEAMENTO.
000816/2022	28/12/2022	M.C. Nº 19/2022: XERACIÓN DE CRÉDITO POR ACHEGA PROVINCIAL 2ª E DERRADEIRA FASE POS+ADICIONAL 2/2022 PARA GASTOS CORRENTES.
000817/2022	29/12/2022	CANON CONTRATO CONCESIÓN DE SERVIZOS DE CAFÉ-BAR NO CENTRO SOCIAL POLIVALENTE - DECEMBRO 2022.
000818/2022	30/12/2022	M.C. Nº 20/2022: T.C. ENTRE APLICACIÓNS MESMA ÁREA DE GASTO.

000819/2022	30/12/2022	APROBACIÓN CERTIFICACIÓN ÚNICA OBRA PROXECTO MELLORA DOS PARQUES INFANTIS DE GUITIANDE E DA ESCOLA DOS ÁNXELES.
000820/2022	30/12/2022	ALTAS PADRÓN DE HABITANTES MES DE DECEMBRO DE 2022.
000821/2022	30/12/2022	CONVENIO COA DEPUTACIÓN DA CORUÑA PARA A ADQUISICIÓN DUN MATADOIRO MÓBIL COLECTIVO.
000822/2022	30/12/2022	BAIXAS PADRÓN DE HABITANTES MES DE DECEMBRO DE 2022.
000823/2022	30/12/2022	RELACIÓN DE FACTURAS F/2022/65 ENERXÍA ELÉCTRICA (+3.000).
000824/2022	30/12/2022	RELACIÓN DE FACTURAS F/2022/64 ENERXÍA ELÉCTRICA.
000825/2022	30/12/2022	RELACIÓN DE FACTURAS F/2022/76 (+3.000).
000826/2022	30/12/2022	ADHESIÓN AO CONVENIO GES. ANUALIDADE 2023.
000827/2022	30/12/2022	APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE PRODUTIVIDADE DO PERSOAL LABORAL ANO 2022 (ASISTENCIAS 2021).
000828/2022	30/12/2022	RELACIÓN DE FACTURAS F/2022/73 CONTRATO.
000001/2023	30/12/2022	RELACIÓN DE FACTURAS F/2022/74.
000002/2023	30/12/2022	DOTACIÓN ECONÓMICA GRUPO POLÍTICO PSDG-PSOE.
000003/2023	04/01/2023	ALTA TARXETA DE ESTACIONAMENTO Nº 170
000004/2023	26/12/2022	COMPOSICIÓN DO XURADO DO PREMIO LAUDAMUCO PARA TEXTOS TEATRAIS 2023.
000005/2023	09/01/2023	SANCIÓNS TRÁFICO.
000006/2023	09/01/2023	BAIXA SAF DEPENDENCIA EXPTE. 01/2020-D.
000007/2023	09/01/2023	APROBACIÓN INICIAL DO PADRÓN FISCAL CONXUNTO DAS TAXAS POLOS SERVIZOS DE SUBMINISTRACIÓN DE AUGA, SANEAMENTO, DEPURACIÓN DE AUGAS RESIDUAIS E CANON DA AUGA, CORRESPONDENTE AO 4º TRIMESTRE DE 2022.
000008/2023	09/01/2023	BAIXA SAF MUNICIPAL EXPTE. 07/2022.
000009/2023	09/01/2023	BAIXA XANTAR NA CASA EXPTE. 46.
000010/2023	09/01/2023	BAIXA SAF MUNICIPAL EXPTE. 09/2022.
000011/2023	10/01/2023	SANCIÓNS TRÁFICO.
000012/2023	10/01/2023	APROBACIÓN DAS AUTOLIQUIDACIÓNS TRIBUTARIAS . MODELO IRPF 111 E IVE 303. DECEMBRO 2022.
000013/2023	13/01/2023	RENOVACIÓN TED Nº 81.
000014/2023	13/01/2023	AMPLIACIÓN SAF EXPTE. 10/2022-D.
000015/2023	13/01/2023	BAIXA SAF DEPENDENCIA EXPTE.21/2020-D.
000016/2023	13/01/2023	PADRÓN ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL XANEIRO.
000017/2023	13/01/2023	PADRÓN SERVIZO AXUDA NO FOGAR DEPENDENCIA DECEMBRO 2022.
000018/2023	13/01/2023	PADRÓN SERVIZO AXUDA NO FOGAR BÁSICA DECEMBRO 2022.
000019/2023	13/01/2023	AMPLIACIÓN SAF DEPENDENCIA EXPTE. 04/2021-M-D.
000020/2023	16/01/2023	CONVOCATORIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL ORDINARIA DO 17/01/2023, ÁS 14.00 HORAS.
000021/2023	16/01/2023	PRÓRROGA ORZAMENTARIA DO EXERCIZO 2022 PARA O 2023.
000022/2023	17/01/2023	BAIXA DO RECIBO DO LIXO CON NÚMERO FIXO 253000497944.

000023/2023	18/01/2023	ALTA SAF MUNICIPAL EXPTE. 01/2023-M - EMERXENCIA SOCIAL.
000024/2023	18/01/2023	APROBACIÓN EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN SEGURO DE RESPONSABILIDADE CIVIL XERAL DO CONCELLO.
000025/2023	19/01/2023	APROBACIÓN EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN SEGURO DE BENS DO CONCELLO.
000026/2023	19/01/2023	APROBACIÓN EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA SUPERVISIÓN DAS INSTALACIÓNS DO CAMPO DE FÚTBOL HERBA ARTIFICIAL.
000027/2023	19/01/2023	ALTA XANTAR NA CASA EXPTE. 53.
000028/2023	19/01/2023	ALTA SAF MUNICIPAL EXPTE. 02/2023-M.
000029/2023	19/01/2023	ALTA SAF DEPENDENCIA EXPTE. 03/2023-D.
000030/2023	19/01/2023	ALTA SAF DEPENDENCIA EXPTE. 04/2023-D.
000031/2023	19/01/2023	APROBACIÓN DO PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE DA OBRA DE ASFALTADO DA ALDEA DE VEXO E BACHEO EN GONTADE, XINZO E SABAXÁNS.
000032/2023	19/01/2023	APROBACIÓN DO PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE DA OBRA DE MELLORA DO VIARIO DE ACCESO A GOSENDE (OBRA POS + ADICIONAL 2/2022).
000033/2023	19/01/2023	APROBACIÓN BASES DO CONCURSO DE ENTROIDO 2023.
000034/2023	19/01/2023	APROBACIÓN DA AUTOLIQUIDACIÓN COMPLEMENTARIA DO MODELO 111 (DECEMBRO 2022).
000035/2023	20/01/2023	APROBACIÓN DO PROGRAMA DE TRABALLO DO CONTRATO DE CONSERXERÍA PAVILLÓN DE DEPORTES DE PEDROUZOS.
000036/2023	20/01/2023	DESIGNACIÓN DE LETRADA E PROCURADORES NO ASUNTO:PO 284/2022.
000037/2023	20/01/2023	APROBACIÓN DE SOLICITUDE DA SUBVENCIÓN DE INCENTIVOS Á MOBILIDADE ELÉCTRICA (PROGRAMA MOVES III).
000038/2023	20/01/2023	APROBACIÓN DE EXPEDIENTE DE ENAXENACIÓN POR POXA DE TRES VEHÍCULOS.
000039/2023	24/01/2023	CONVENIO DE COLABORACIÓN COA ASOCIACIÓN "AMIGA" PARA O ASESORAMENTO DE PERSOAS INMIGRANTES E RETORNADAS DURANTE 2023.
000040/2023	25/01/2023	ALTA SAF DEPENDENCIA EXPTE. 26/2020-M-D E BAIXA SAF MUNICIPAL EXPTE. 26/2020-M.
000041/2023	25/01/2023	ALTA TARXETA DE ESTACIONAMENTO Nº 171.
000042/2023	25/01/2023	APROBACIÓN DA ORDENACIÓN DO PAGO DA PRODUTIVIDADE DOS LABORAIS 2022 (ASISTENCIAS 2021).
000043/2023	30/01/2023	RECOÑECIMENTO DE TRIENIOS A FAVOR DO PERSOAL MUNICIPAL. XANEIRO 2023.
000044/2023	30/01/2023	APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE NÓMINA. XANEIRO 2023.
000045/2023	30/01/2023	CANON CONTRATO CONCESIÓN DE SERVIZOS DE CAFÉ-BAR NO CENTRO SOCIAL POLIVALENTE - XANEIRO 2023.

000046/2023	30/01/2023	APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN PARA A CONSTRUCCIÓN DUNHA TIROLINA SOBRE O RÍO TAMBRE ENTRE OS CONCELLOS DE BRIÓN E NEGREIRA.
000047/2023	31/01/2023	INTRODUCCIÓN NO CONVENIO DE COLABORACIÓN CO CONCELLO DE BRIÓN PARA A CONSTRUCCIÓN DUNHA TIROLINA SOBRE O RÍO TAMBRE, ENTRE OS CONCELLOS DE NEGREIRA E BRIÓN A CIRCULAR Nº 1/2017 DO 24 DE MARZO SOBRE NORMAS DE TRAMITACIÓN DE PROXECTOS NON PRODUCTIVOS XERADORES DE INGRESOS.
000048/2023	01/02/2023	ALTAS PADRÓN DE HABITANTES MES DE XANEIRO DE 2023.
000049/2023	01/02/2023	BAIXAS NO PADRÓN DE HABITANTES MES DE XANEIRO DE 2023.
000050/2023	02/02/2023	ACORDO DE SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN DA DEPUTACIÓN PARA A CONTRATACIÓN DE AXENTES DE IGUALDADE EN 2023.
000051/2023	02/02/2023	RELACIÓN DE FACTURAS F/2023/1 CONTRATO.
000052/2023	02/02/2023	CONVOCATORIA DA COMISIÓN INFORMATIVA EXTRAORDINARIA DE SERVICIOS DO 07/02/2023, ÁS 13.00 HORAS.
000053/2023	02/02/2023	DEVOLUCIÓN INGRESO INDEBIDO.
000054/2023	02/02/2023	DEVOLUCIÓN INGRESOS INDEBIDOS.
000055/2023	03/02/2023	DEVOLUCIÓN DE GARANTÍA DEFINITIVA.
000056/2023	03/02/2023	DEVOLUCIÓN DE GARANTÍA DEFINITIVA.
000057/2023	03/02/2023	CONTRATO MENOR POLO SERVIZO DE LIMPEZA DE ALDEAS.
000058/2023	03/02/2023	CONVOCATORIA DO PLENO EXTRAORDINARIO DO 08.02.2023, ÁS 13.00 HORAS.
000059/2023	03/02/2023	DEVOLUCIÓN INGRESO INDEBIDO.
000060/2023	03/02/2023	DEVOLUCIÓN INGRESO INDEBIDO.
000061/2023	03/02/2023	DEVOLUCIÓN INGRESO INDEBIDO.
000062/2023	03/02/2023	APROBACIÓN DEFINITIVA DO PADRÓN FISCAL CONXUNTO DAS TAXAS POLO SERVICIOS DE SUBMINISTRACIÓN DE AUGA, SANEAMENTO, DEPURACIÓN DE AUGAS RESIDUAIS E CANON DA AUGA, CORRESPONDENTE AO 4º TRIMESTRE DE 2022.
000063/2023	03/02/2023	PADRÓN ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL FEBREIRO.
000064/2023	03/02/2023	AUTOLIQUIDACIÓN DE TAXAS AUGAS DE GALICIA.
000065/2023	06/02/2023	CONVOCATORIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL ORDINARIA DO 07/02/2023, ÁS 14.00 HORAS.
000066/2023	07/02/2023	DEVOLUCIÓN GARANTÍA DEFINITIVA.
000067/2023	07/02/2023	PADRÓN SERVIZO AXUDA NO FOGAR DEPENDENCIA XANEIRO.
000068/2023	07/02/2023	PADRÓN SERVIZO AXUDA NO FOGAR LIBRE CONCURRENCIA XANEIRO.
000069/2023	07/02/2023	DEVOLUCIÓN INGRESOS INDEBIDOS.
000070/2023	07/02/2023	RELACIÓN DE FACTURAS F/2023/2.
000071/2023	07/02/2023	APROBACIÓN DA SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN PEL CONCELLOS. ANO 2023.
000072/2023	07/02/2023	SOLICITUDE E ACEPTACIÓN DE BASES DA SUBVENCIÓN DA DEPUTACIÓN PARA O MANTEMENTO DA ESCOLA DE MÚSICA DURANTE O ANO 2023.

000073/2023	08/02/2023	CORRECCIÓN DE ERROS NA RESOLUCIÓN DO COPAGO DO EXPEDIENTE SAF MUNICIPAL 01/2023-M - EMERX.
000074/2023	09/02/2023	CONVOCATORIA DA COMISIÓN INFORMATIVA ORDINARIA DE SERVIZOS DO 14/02/2023, ÁS 13.15 HORAS.
000075/2023	09/02/2023	CONVOCATORIA DA COMISIÓN INFORMATIVA ORDINARIA ESPECIAL DE CONTAS (PERMANENTE DE FACENDA) O 14/02/2023, ÁS 13.00 HORAS.
000076/2023	09/02/2023	AUTOLIQUIDACIÓN TAXA ANUNCIO NO DOG.
000077/2023	09/02/2023	APROBACIÓN DA NON DIVISIÓN EN LOTES DAS OBRAS DO POS + 2023.
000078/2023	09/02/2023	PADRÓN ACTIVIDADES PREVENCIÓN/INSERCIÓN SEGUNDO TRIMESTRE CURSO 2022/2023.
000079/2023	09/02/2023	RELACIÓN DE FACTURAS F/2023/3 (+3.000)
000080/2023	09/02/2023	DEVOLUCIÓN TAXA DEREITO DE EXAME.
000081/2023	09/02/2023	DEVOLUCIÓN TAXA DEREITOS DE EXAME.
000082/2023	09/02/2023	APROBACIÓN DAS AUTOLIQUIDACIÓNS TRIBUTARIAS XANEIRO 2023.MODELOS IRPF 111, 115 E IVE 303.
000083/2023	09/02/2023	SOLICITUDE E ACEPTACIÓN DE BASES DA SUBVENCIÓN DA DEPUTACIÓN PARA GASTOS DE PERSOAL TÉCNICO NOS SERVIZOS MUNICIPAIS DE CULTURA EN 2023.
000084/2023	10/02/2023	DECRETO DE CONVOCATORIA DO PLENO ORDINARIO DO 15.02.2023, ÁS 13.00 HORAS

O Pleno queda enterado.

3º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE EXPEDIENTE DE RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS NÚM. 1/2023.

Dada conta da proposta da alcaldía do 07.02.2023, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa Especial de Contas (Permanente de Facenda) en sesión do 14.02.2023, que transcrita di:

Vista a existencia de facturas correspondentes a diversos subministros e servizos prestados en anos anteriores ao 2023, que non puideron ser aplicados ao exercicio orzamentario que correspondían, porque foron presentadas no Rexistro Municipal de Entrada durante o ano 2022 e no mes de xaneiro de 2023.

Considerando a efectiva realización do servizo por parte do terceiro acredor, constando factura acreditativa de cada un dos gastos.

Esta Alcaldía, tramitou o correspondente expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos para aprobar as facturas (relacionadas no Anexo adxunto a este expediente), emitíndose o informe de Intervención con data 7 de febreiro de 2023, onde consta que en aplicación do artigo 60.2 do Real decreto 500/1990, de 20 de abril, o recoñecemento de obrigas correspondentes a exercicios anteriores que, por calquera causa, non se recoñeceron naquel exercicio ao que correspondían, é competencia do Pleno da Corporación.

Por tanto, en aplicación do devandito do artigo 60.2 do Real decreto 500/1990, de 20 de abril, e previo informe da Comisión Informativa Especial de Contas (Permanente de Facenda), propoño ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Aprobar e dispoñer os gastos e o recoñecemento das obrigas correspondentes a exercicios anteriores e derivadas das facturas e liquidacións que se relacionan a continuación, por un importe total de CORENTA E DOUS MIL CINCOCENTOS NOVENTA E TRES EUROS CON VINTE E OITO CÉNTIMOS (42.593,28 euros) con cargo ás aplicacións orzamentarias indicadas do orzamento vixente:

Nº de Entrada	Data	Importe total	Terceiro	Nome	Texto explicativo	Aplic.
2022/2891	05/10/2022	4.833,38	A08431090	NATURGY IBERIA, S.A.	FRA Nº FE22321399108211; SUBMINISTRO ELECTRICO PS SANTA MINIA 70 ALPUBL - PERIODO 23.07.2022 A 29.08.2022	2023 165 22100
2022/2894	05/10/2022	4.377,37	A08431090	NATURGY IBERIA, S.A.	FRA Nº FE22321399200914; SUBMINISTRO ELECTRICO PS MONTE DEVESA 9020 ALPUBL - PERIODO 01.08.2022 A 31.08.2022	2023 165 22100
2022/2896	05/12/2022	1.499,38	A08431090	NATURGY IBERIA, S.A.	FRA Nº FE22321399408568; SUBMINISTRO ELECTRICO PS SABAXANS 9701 ALPUBL - PERIODO 01.08.2022 A 31.08.2022	2023 165 22100
2022/2936	07/12/2022	17,59	A08431090	NATURGY IBERIA, S.A.	FRA Nº FE22137020373891; SUBMINISTRO ELECTRICO LG/NINANS 9900 BOMBEO - PERIODO 01.08.2022 A 31.08.2022	2023 161 22100
2022/3206	05/11/2022	4.219,37	A08431090	NATURGY IBERIA, S.A.	FRA Nº FE22321402546204; SUBMINISTRO ELECTRICO PS MONTE DEVESA 9020 ALPUBL - PERIODO 01.09.2022 A 30.09.2022	2023 165 22100
2022/3211	05/11/2022	3.526,35	A08431090	NATURGY IBERIA, S.A.	FRA Nº FE22321402212072; SUBMINISTRO ELECTRICO PS SANTA MINIA 70 ALPUBL - PERIODO 30.08.2022 A 22.09.2022	2023 165 22100
2022/3346	06/11/2022	507,54	A08431090	NATURGY IBERIA, S.A.	FRA Nº FE22137022768430; SUBMINISTRO ELECTRICO LG/LAMIÑO 9700 ALPUBL - PERIODO 01.09.2022 A 30.09.2022	2023 165 22100
2022/3868	31/12/2022	114,70	B70545967	RURIS LIMPIEZAS Y MANTENIMIENTOS CORUÑA S.L.	FRA Nº 1 2474; SERVIZO LIMPEZA LOCAL MONTE BALADO - DECEMBRO 2022	2023 241 22700
2022/3870	01/01/2023	48,90	B70394424	FERRETERIA SINDO S.L.	FRA Nº 01K 22000482; BOTAS - OBRAS	2023 1532 22104
2022/3871	01/01/2023	86,92	A36036739	DISTRIBUCIONES FROIZ SAU	FRA Nº 168-1-12/62; PRODUTOS ALIMENTACION DEPORTES	2023 341 22699
TOTAL		19.231,50				

RELACION F/2023/4

Nº de Entrada	Data	Importe Total	Descuento	Importe líquido	Terceiro	Nome	Texto Explicativo	Aplic.
F/2023/3	18/01/2023	165,88	0,00	165,88	B15075732	LIMPIEZAS SALGADO S.L.	FRA Nº A22 1387; PRODUTOS HIXIENE E LIMPEZA ESCOLA INFANTIL	2023 323 22110
F/2023/5	18/01/2023	968,00	120,00	848,00	36082782Z	ABAL LOURIDO, CARLOS	FRA Nº 5-2023 Emit- 122; ASESORAMENTO POR INTERV. EN P.A. 163/2019 FRONTE JUAN MANUEL IGLESIAS PEDRARES C/A Nº3 CORUÑA	2023 920 22604
F/2023/17	18/01/2023	515,46	0,00	515,46	B70525944	HORBAN HORMIGONES, S.L.	FRA Nº HP 5640; SUBMINISTRO FORMIGÓN OBRA SAIME	2023 1532 22199
F/2023/18	18/01/2023	773,19	0,00	773,19	B70525944	HORBAN	FRA Nº HP 5641;	2023

						HORMIGONES, S.L.	SUBMINISTRO FORMIGON OBRA VILAS	1532 22199
F/2023/19	18/01/2023	405,35	0,00	405,35	B70525944	HORBAN HORMIGONES, S.L.	FRA Nº HP 5642; SUBMINISTRO FORMIGON OBRA GUNDIN	2023 1532 22199
F/2023/21	18/01/2023	784,63	0,00	784,63	A83052407	SOCIEDAD ESTATAL CORREOS Y TELEGRAFOS	FRA Nº 4003579471; SERVICIO CORREOS - DECEMBRO 2022	2023 920 22201
F/2023/22	18/01/2023	403,33	0,00	403,33	B70604137	ENFOQUES INFORMATICOS EDITORIAL S.L.	FRA Nº F 220202; PUBLICACION 8 CONTIDOS MENSUAIS DE DISFUSION EN REDES SOCIAIS - DECEMBRO 2022	2023 920 22602
F/2023/42	18/01/2023	194,81	0,00	194,81	B15631161	MAQUINARIA AGRICOLA O RUBIO	FRA Nº 2022 R 000799; RECAMBIOS MAQUINARIA	2023 1532 22111
F/2023/167	18/01/2023	363,00	0,00	363,00	A15000649	LA VOZ DE GALICIA S.A.	FRA Nº P22 011997; PUBLICIDADE EL COMARCAL - 29.12.2022	2023 920 22602
F/2023/171	18/01/2023	4,35	0,00	4,35	B36307270	COESCO DEZA, S.L.	FRA Nº Emit- 144: SERVICIO MERENDAS ESCOLA INFANTIL - DECEMBRO 2022	2023 323 22711
F/2023/177	18/01/2023	1.155,00	0,00	1.155,00	B70278718	GESTION DE RESIDUOS VIMIANZO, S.L.	FRA Nº emi 042023; SERVICIO RECOLLIDA ENSERES A MAIORES	2023 1621 22799
F/2023/178	18/01/2023	778,09	0,00	778,09	B70278718	GESTION DE RESIDUOS VIMIANZO, S.L.	FRA Nº emi 032023; SERVICIO RECOLLIDA E XESTION PUNTO LIMPO CASA POR CASA - DECEMBRO 2022	2023 1621 22799
F/2023/180	18/01/2023	1.416,44	0,00	1.416,44	B15026693	ESPINA Y DELFIN, S.L.	FRA Nº N01 229900001; CANON AUGA CONTADOR M165531 (CEIP) - ANO 2022	2023 160 22501
F/2023/181	18/01/2023	15,11	0,00	15,11	B15026693	ESPINA Y DELFIN, S.L.	FRA Nº N01 229900004; CANON AUGA CONTADOR N399319 (LOCAL MÚSICA) - ANO 2022	2023 160 22501
F/2023/182	18/01/2023	21,20	0,00	21,20	B15026693	ESPINA Y DELFIN, S.L.	FRA Nº N01 229900002; CANON AUGA CONTADOR 2389726 (CASA CULTURA) - ANO 2022	2023 160 22501
F/2023/183	18/01/2023	20,62	0,00	20,62	B15026693	ESPINA Y DELFIN, S.L.	FRA Nº N01 229900003; CANON AUGA CONTADOR 990603796 (BIBLIOTECA) - ANO 2022	2023 160 22501
F/2023/184	18/01/2023	16,27	0,00	16,27	B15026693	ESPINA Y DELFIN, S.L.	FRA Nº N01 229900005; CANON AUGA CONTADOR 990603797 (ESCOLA MÚSICA) - ANO 2022	2023 160 22501
F/2023/185	18/01/2023	49,51	0,00	49,51	B15026693	ESPINA Y DELFIN, S.L.	FRA Nº N01 229900006; CANON AUGA CONTADOR 071796566 (GES) - ANO 2022	2023 160 22501
F/2023/186	18/01/2023	15,11	0,00	15,11	B15026693	ESPINA Y DELFIN, S.L.	FRA Nº N01 229900009; CANON AUGA CONTADOR 011176537 (CAMPO FÚTBOL LUAÑA) - ANO 2022	2023 160 22501
F/2023/187	18/01/2023	7,57	0,00	7,57	B15026693	ESPINA Y DELFIN, S.L.	FRA Nº N01 229900007; CANON AUGA CONTADOR M339044 (ESCOLA LUAÑA) - ANO 2022	2023 160 22501
F/2023/188	18/01/2023	6,12	0,00	6,12	B15026693	ESPINA Y DELFIN,	FRA Nº N01 229900011;	2023

						S.L.	CANON AUGA CONTADOR 011176594 (COLEXIO VILAR) - ANO 2022	160 22501
F/2023/189	18/01/2023	6,70	0,00	6,70	B15026693	ESPINA Y DELFIN, S.L.	FRA Nº N01 229900008; CANON AUGA CONTADOR M339042 (TELECLUBE LUANA) - ANO 2022	2023 160 22501
F/2023/190	18/01/2023	16,85	0,00	16,85	B15026693	ESPINA Y DELFIN, S.L.	FRA Nº N01 229900010; CANON AUGA CONTADOR N400847 (ESCOLA BASTAVALES) - ANO 2022	2023 160 22501
F/2023/191	18/01/2023	234,48	0,00	234,48	B15026693	ESPINA Y DELFIN, S.L.	FRA Nº N01 229900012; CANON AUGA CONTADOR 021106984 (ESCOLA INFANTIL) - ANO 2022	2023 160 22501
F/2023/192	18/01/2023	8,44	0,00	8,44	B15026693	ESPINA Y DELFIN, S.L.	FRA Nº N01 229900015; CANON AUGA CONTADOR 011176593 (TELECLUBE FONTEPAREDES) - ANO 2022	2023 160 22501
F/2023/193	18/01/2023	183,66	0,00	183,66	B15026693	ESPINA Y DELFIN, S.L.	FRA Nº N01 229900016; CANON AUGA CONTADOR 071796567 (CENTRO SOCIAL) - ANO 2022	2023 160 22501
F/2023/194	18/01/2023	40,52	0,00	40,52	B15026693	ESPINA Y DELFIN, S.L.	FRA Nº N01 229900017; CANON AUGA CONTADOR 021579883 (PISCINA SABAXANS) - ANO 2022	2023 160 22501
F/2023/195	18/01/2023	6,12	0,00	6,12	B15026693	ESPINA Y DELFIN, S.L.	FRA Nº N01 229900019; CANON AUGA CONTADOR 011176587 (LOCAL SOCIAL BOULLON) - ANO 2022	2023 160 22501
F/2023/196	18/01/2023	7,86	0,00	7,86	B15026693	ESPINA Y DELFIN, S.L.	FRA Nº N01 229900018; CANON AUGA CONTADOR 011176590 (LOCAL SOIGREXA) - ANO 2022	2023 160 22501
F/2023/197	18/01/2023	51,25	0,00	51,25	B15026693	ESPINA Y DELFIN, S.L.	FRA Nº N01 229900013; CANON AUGA CONTADOR 011176576 (ESCOLA ANXELES) - ANO 2022	2023 160 22501
F/2023/198	18/01/2023	23,81	0,00	23,81	B15026693	ESPINA Y DELFIN, S.L.	FRA Nº N01 229900014; CANON AUGA CONTADOR 011176575 (ESCOLA ANXELES) - ANO 2022	2023 160 22501
F/2023/199	18/01/2023	48,64	0,00	48,64	B15026693	ESPINA Y DELFIN, S.L.	FRA Nº N01 229900020; CANON AUGA CONTADOR 08001099 (CONCELLO) - ANO 2022	2023 160 22501
F/2023/200	18/01/2023	13,08	0,00	13,08	B15026693	ESPINA Y DELFIN, S.L.	FRA Nº N01 229900026; CANON AUGA CONTADOR 041636069 (LOCAL MONTE BALADO) - ANO 2022	2023 160 22501
F/2023/201	18/01/2023	9,31	0,00	9,31	B15026693	ESPINA Y DELFIN, S.L.	FRA Nº N01 229900023; CANON AUGA CONTADOR 061638958 (IGREXA BOULLON) - ANO 2022	2023 160 22501
F/2023/202	18/01/2023	60,61	0,00	60,61	B15026693	ESPINA Y DELFIN, S.L.	FRA Nº N01 229900025; CANON AUGA CONTADOR E10EA7266560 (VIVENDA CORUXIDO) - ANO 2022	2023 160 22501
F/2023/203	18/01/2023	24,10	0,00	24,10	B15026693	ESPINA Y DELFIN, S.L.	FRA Nº N01 229900024; CANON AUGA CONTADOR 041636067 (LOCAL MONTE BALADO) - ANO 2022	2023 160 22501
F/2023/205	18/01/2023	279,33	0,00	279,33	B74349762	SAGAR FIJACIONES S.L.	FRA Nº 1 224859; BOTAS GES	2023 135 22104

F/2023/207	18/01/2023	71,61	0,00	71,61	G28029643	SOCIEDAD GENERAL DE AUTORES Y EDITORES	FRA Nº 1230001359; SGAE REPRESENTACION LOLI E OS REIS DO RITMO O 23.12.2022	2023 338 22699
F/2023/208	18/01/2023	3,63	0,00	3,63	G28029643	SOCIEDAD GENERAL DE AUTORES Y EDITORES	FRA Nº 1230001355; SGAE REPRESENTACION FEMINISSIMAS O 16.12.2022	2023 338 22699
F/2023/209	18/01/2023	114,62	0,00	114,62	G28029643	SOCIEDAD GENERAL DE AUTORES Y EDITORES	FRA Nº 1230001356; SGAE REPRESENTACION ORNITHOLOGY O 15.12.2022	2023 338 22699
F/2023/213	18/01/2023	1.452,00	0,00	1.452,00	A15073349	TELEVISION DE GALICIA	FRA Nº 23CT00307; CAMPAÑA PUBLICITARIA BRION NADAL O 31.12.2022 NA TVG	2023 432 22602
F/2023/219	18/01/2023	484,00	0,00	484,00	B70248778	XACOVISION S.L.	FRA Nº G 125; GRAVACION SPOT CAMPAÑA PUBLICITARIA FIN DE ANO NA TVG	2023 432 22602
F/2023/222	19/01/2023	85,09	0,00	85,09	A82018474	TELEFONICA DE ESPAÑA S.A.	FRA Nº TA6Y70119413; TELEFONO FIXO 981887276 - DECEMBRO 2022	2023 920 22200
F/2023/227	05/01/2023	4.415,90	0,00	4.415,90	B15252604	COMUCA S.L.	FRA Nº 21/005718; MATERIAL CONSTRUCCION ALMACEN	2023 1532 22199
F/2023/228	05/01/2023	263,42	0,00	263,42	32674951R	TROITIÑO GUERRERO, JAVIER	FRA Nº 22013; REVELADO FOTOGRAFÍAS ESCOLA INFANTIL - ANO 2022	2023 323 22199
F/2023/229	05/01/2023	248,05	0,00	248,05	B70271473	CALEMA SANTIAGO S.L.	FRA Nº 22/1.016; MANTENIMENTO CALDEIRA SERVIZOS SOCIAIS - DECEMBRO 2022	2023 231 21200
F/2023/231	05/01/2023	72,00	0,00	72,00	33245312P	SANMARCO BLANCO CANDIDO	FRA Nº A/25; PLATANOS E MAZÁS - CAMPUS PATINAXE	2023 341 22699
F/2023/233	05/01/2023	809,05	0,00	809,05	33231883B	RIVAS MOSQUERA, PILAR	FRA Nº 41-22; MATERIAL FERRETERIA - DECEMBRO 2022	2023 1532 22199
F/2023/234	05/01/2023	1.045,44	0,00	1.045,44	B15593171	COMERCIAL RIVAS, S.L.	FRA Nº 001899; CANAL FORMIGON - ALMACEN ACOPIO	2023 1532 22199
F/2023/235	05/01/2023	726,00	0,00	726,00	34996730E	VAZQUEZ LEMOS, LORETO	FRA Nº 123/22; SERVICIO GABINETE COMUNICACION EXTERNO - DECEMBRO 2022	2023 491 22721
F/2023/236	05/01/2023	230,00	0,00	230,00	B15401185	COMERCIAL GRAN VIA NEGREIRA, S.L.	FRA Nº 000657; TRONA JANE - ESCOLA INFANTIL	2023 323 22199
F/2023/239	11/01/2023	6,24	0,00	6,24	B15582976	BOTICA DO CAMPO	FRA Nº 22FT 1274; BOLSAS BASURA E PILAS - GES	2023 135 22199
F/2023/240	13/01/2023	101,81	0,00	101,81	B15725278	AGROESPARIS COMERCIAL S.L.	FRA Nº 3.362; ROUPA CHUVIA OFICINAS XERAIS	2023 920 22104
F/2023/241	16/01/2023	93,36	0,00	93,36	A83052407	SOCIEDAD ESTATAL CORREOS Y TELEGRAFOS	FRA Nº 4003578543; SERVICIO CORREOS XULGADO - DECEMBRO 2022	2023 920 22201
F/2023/244	17/01/2023	492,46	0,00	492,46	B15510241	SUMINISTROS DE HOSTELERIA EQUIP HOTEL S.L.	FRA Nº F22/4286; PRODUTOS HIXIENE E LIMPEZA PAVILLON	2023 340 22110
F/2023/251	24/01/2023	83,02	0,00	83,02	B36521532	VERTICALIA REDONDELA S.L.	FRA Nº A 327; ARNES ANTICAIDA - GES	2023 135 22199

F/2023/257	12/01/2023	1.289,86	0,00	1.289,86	B15444896	LA INSTAL. SANITARIA FERNANDO PENA, S.L.	FRA Nº 329/022; SERVIZO MANTENIMENTO E CONSERVACION CALDEIRA CALEFACCION CEIP DURANTE O ANO 2022	2023 323 21200
F/2023/258	12/01/2023	1.936,00	0,00	1.936,00	B15444896	LA INSTAL. SANITARIA FERNANDO PENA, S.L.	FRA Nº 328/022; SERVIZO DE MANTENIMENTO E CONSERVACION CALDEIRA CALEFACCION E A.C.S. E INST. ENERXIA SOLAR CEIP ANO 2021	2023 323 21200
F/2023/297	30/01/2023	240,67	0,00	240,67	J70304829	HJC RECAMBIOS	FRA Nº 22000329; RECAMBIOS MAQUINARIA	2023 1532 22111
F/2023/298	30/01/2023	3,75	0,00	3,75	B70059001	M.A.F. 1-SANTIAGO, S.L.	FRA Nº 00726; SERVIZO MENSAXERIA CIDADE DA CULTURA	2023 3321 22300
TOTAL		23.361,78	120,00	23.241,78				

Segundo.- Imputar estas obrigas con cargo aos créditos correntes das aplicacións orzamentarias do orzamento vixente.

Debate: Non se produciu.

Votación e resultado:

Sometida a votación a proposta ditaminada, dáse o seguinte resultado:

Votos a favor: 12, pertencentes aos grupos municipais do PSG-PSOE (7), PP (3) e BNG (2).

Votos en contra: 0.

Abstencións: 0.

Queda aprobada a proposta ditaminada nos seus propios termos.

4º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE BRIÓN E A REAL FEDERACIÓN GALEGA DE FÚTBOL PARA O ACONDICIONAMENTO DAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS.

Dada conta da proposta da alcaldía do 08.02.2023, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Servizos en sesión do 14.02.2023, que transcrita di:

Por esta alcaldía realizáronse xestións para a sinatura dun convenio de colaboración coa Federación Galega de Fútbol par o acondicionamento das instalacións deportivas: Campo de fútbol José Pumar, sito no lugar de Gándara, parroquia de San Salvador de Bastavales, Concello de Brión.

Considerando conveniente a súa aprobación polo Pleno para xeral coñecemento, propoño a adopción do seguinte acordo:

1º) Aprobar o texto CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE BRIÓN E A REAL FEDERACIÓN GALEGA DE FÚTBOL PARA O ACONDICIONAMENTO DAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS.

2º) Facultar expresamente á Alcaldía para todos os trámites sucesivos e necesarios para a execución e xestión deste acordo e do correspondente expediente.

3º) O texto íntegro do convenio é o seguinte:

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE BRIÓN E A REAL FEDERACIÓN GALEGA DE FÚTBOL PARA O ACONDICIONAMENTO DAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS.

En Brión , a ----- de ----- de 2023

REUNIDOS

Dunha parte: Don Pablo Lago Sanmartín, na súa condición de alcalde do Concello de Brión (en adiante Concello) en nome e representación desta Administración, e de acordo coas competencias atribuídas polo artigo 21 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (en adiante LBRL).

E doutra parte: Don Rafael Louzán Abal, como presidente da Real Federación Galega de Fútbol (en adiante RFGF) con CIF G-15055890, e domicilio social en r/Juan de Ciorraga 1-3 Baixo. Código Postal 15006 de A Coruña, en nome e representación de dita entidade de acordo coas facultades que lle confire o artigo 60.h) dos Estatutos da mesma.

Ambas partes recoñécense entre si capacidade xurídica suficiente e poder bastante para obrigarse neste Convenio e, a tal efecto,

EXPOÑEN

PRIMEIRO. Que o artigo 25.2.l) da LBRL contempla como unha función propia dos concellos a "promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre".

SEGUNDO. Que a RFGF é unha entidade privada sen ánimo de lucro que realiza funcións sociais e de promoción, práctica e desenvolvemento do deporte do fútbol federado en calquera das súas disciplinas e especialidades. A RFGF é considerada de utilidade pública polo artigo 53.3 da Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia (en adiante LDG) e realiza tamén funcións públicas de carácter administrativo por delegación, actuando como axente colaborador da Administración autonómica baixo a súa tutela e coordinación (art. 5 1.4 LDG).

A súa *ver*, e atendendo o disposto no artigo 79 da LDG, a RFGF ten o deber de colaborar velando polo cumprimento do Plan Xeral de instalacións e equipamentos deportivos de Galicia.

TERCEIRO. Que a RFGF e o Concello de Brión están interesados en promover a práctica do fútbol no municipio de Brión nunha instalación que cumpra con tódolos requisitos de hixiene e seguridade e de acceso e utilización polas persoas con algunha discapacidade.

Por isto, ambas entidades acordan subscribir este convenio marco de colaboración, de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA. Obxecto.

O obxecto do presente convenio céntrase na colaboración da RFGF na obra de acondicionamento e remodelación da instalación deportiva "Campo de fútbol José Pumar" sito no lugar de Gándara, parroquia de San Salvador de Bastavales de dito Concello, que acometerá o Concello de Brión.

SEGUNDA. Obrigas da RFGF.

A RFGF encargará un PROXECTO DE OBRAS DE ACONDICIONAMENTO E REMODELACIÓN da instalación deportiva obxecto deste convenio asumindo a RFGF o custo do mesmo e entregarllo ó Concello de Brión.

TERCEIRA. Obrigas do Concello de Brión.

a) Na instalación obxecto da actuación, e nun lugar visible e lexible polos asistentes, incorporárase unha placa onde quede identificado que a RFGF colaborou na obra de remodelación.

b) Que o concello autorizará a colocación dun máximo de 2 pancartas a pé do terreo de xogo na instalación obxecto deste convenio, co logo e denominación da RFGF, durante 3 tempadas deportivas (2023/2024, 2024/2025 e 2025/2026), carteleiras que serán facilitada pola RFGF.

c) A empresa que execute a obra insertará no céspede o logo, nome da Real Federación Galega de Fútbol ou o acrónimo.

d) Invitación e lugar preferente da RFGF, no suposto que se celebre acto de inauguración con motivo das obras de reforma e remodelación.

CUARTA. Vixencia, prórroga e resolución do convenio.

Este convenio empezará a producir os seus efectos a partir da data da súa sinatura e terá unha duración mínima de tres anos.

O presente convenio poderá ser modificado por mutuo acordo das partes mediante a subscripción do oportuno convenio de modificación sempre que non afecte a aspectos substanciais e se formalice antes do prazo de duración do mesmo.

Son casos de extinción do presente convenio de colaboración:

a) Incumprimento do seu obxecto.

b) A imposibilidade sobrevida da súa realización.

c) Cumprimento do prazo de vixencia.

d) Mutuo acordo entre as partes ou a decisión motivada dunha delas, que deberá comunicarse por escrito á outra con polo menos 10 días de antelación á data prevista de resolución.

QUINTA. Control da execución do convenio.

Para o control da execución do presente convenio establécese unha comisión paritaria de seguimento, composta, por unha banda, por un representante nomeado polo concello con competencias en materia de actividades deportivas e, por outra, polo/a presidente/a da RFGF ou persoa en quen delegue.

A presente comisión reunirse polo menos unha vez ao ano durante a vixencia deste convenio, expedindo certificación do seu cumprimento, á finalización da mesma.

SEXTA. Natureza administrativa do convenio.

As cuestións litixiosas xurdidas sobre a interpretación, modificación, resolución e efectos do presente convenio, serán resoltas en primeira instancia, pola Comisión Mixta Paritaria, poñendo os seus acordos fin á vía administrativa. As que non poidan ser resoltas na comisión someteranse á xurisdición contencioso administrativa, dado o carácter administrativo do convenio.

E en proba de conformidade, asínase o presente convenio en exemplar duplicado no lugar e data indicado ao comezo.

POLO CONCELLO DE BRIÓN
O alcalde

POLA REAL FEDERACIÓN GALEGA DE FÚTBOL
O Presidente,

Pablo Lago Sanmartín

Rafael Louzán Abal

Debate: Non se produciu.

Votación e resultado:

Sometida a votación a proposta ditaminada, dáse o seguinte resultado:

Votos a favor: 12, pertencentes aos grupos municipais do PSG-PSOE (7), PP (3) e BNG (2).

Votos en contra: 0.

Abstencións: 0.

Queda aprobada a proposta ditaminada nos seus propios termos.

5º) MOCIÓNS.

Aprobouse por unanimidade dos doce membros presentes a urxencia da seguinte moción:

5.1. MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG SOBRE O IMPULSO DE MEDIDAS ENCAMIÑADAS A BLINDAR, GARANTIR E DEFENDER OS DEREITOS DAS MULLERES ASÍ COMO PROMOVER A IGUALDADE REAL ENTRE MULLERES E HOMES EN GALIZA.

Dada conta da moción polo Sr. Concelleiro Penas Corral, que transcrita di:

Exposición de motivos:

O 8 de marzo é, desde hai máis de cen anos, unha data internacional de reivindicación e loita pola igualdade de dereitos das mulleres. Máis aínda, nos últimos anos, a forza do feminismo galego conseguiu desenvolver mobilizacións absolutamente históricas nas que o noso país amosou o seu compromiso coa construción dunha sociedade máis xusta.

Avanzamos grazas ao inconformismo e á convicción de milleiros de mulleres e de asociacións e grupos de mulleres que contribuíron a facer do feminismo un movemento cada vez máis hexemónico e que defenderon co seu esforzo e mesmo coas súas vidas a conquista de novos dereitos.

Hoxe en día, malia os avances que temos conquistado, estamos a ver como os dereitos tamén se poden perder. O cuestionamento da existencia da violencia machista cando estamos a ser asasinadas ou violadas, o cuestionamento dos nosos dereitos sexuais e reprodutivos ou o intento de normalizar que sexan os nosos lombos os que soportan a degradación dos servizos públicos son perigos vixentes.

Neste senso, malia os dereitos conquistados nas últimas décadas -grazas á loita feminista- é preciso seguir impulsado medidas encamiñadas a garantir o cumprimento dos dereitos e obrigas recoñecidos a día de hoxe na lexislación vixente; impulsar novas políticas e seguir a traballar de maneira transversal en todos os ámbitos para conquistar novos dereitos e impedir calquera retroceso nos xa recoñecidos.

A desigualdade entre mulleres e homes é problema estrutural que esixe unha resposta social forte. Por iso, é necesario neste 8 de marzo recoñecer os dereitos conquistados, recoñecer a fortaleza do feminismo galego e apoiar as súas mobilizacións publicamente.

Para o Concello de Brión promover a igualdade entre homes e mulleres debe fomentar a mudanza de valores, rachando co modelo actual de socialización sexista, promovendo novas formas de ser mulleres e homes e avanzando nun modelo de relacións simétricas.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego somete a debate e aprobación polo Pleno deste Concello esta moción, propondo a adopción dos seguintes acordos:

1º) A Corporación do Concello de Brión mostra o seu apoio ás distintas mobilizacións convocadas polo feminismo galego o 8 de marzo en defensa dos dereitos das mulleres e o seu compromiso por promover a igualdade real entre mulleres e homes.

2º) A Corporación Municipal do Concello de Brión insta á Xunta de Galiza a:

1. Creación do Instituto Galego das Mulleres como organismo público encargado de deseñar, impulsar, asesorar e avaliar as políticas de igualdade e promover a sensibilización da sociedade co obxectivo de conseguir a igualdade real entre mulleres e homes en Galiza.
2. Creación da Unidade de saúde integral das mulleres, que planifique, coordine e impulse unha estratexia de atención integral na que se establezan liñas prioritarias de investigación en saúde da muller que permita avanzar no coñecemento das doenzas que afectan ás mulleres, revisar os patróns de síntomas e seguir a evolución das enfermidades. Así mesmo, atenderá a incorporación do enfoque de xénero en todo o proceso de formación e garantirá a abordaxe de xénero na atención sanitaria.
3. Creación da Valedoría das Mulleres con capacidade para sancionar administrativamente ás empresas que cometan accións de discriminación salarial ou profesional por cuestións de xénero.
4. Estender o protocolo do Partido Xudicial de Santiago de Compostela encamiñado a impedir a re-vitimización das mulleres vítimas de violencia sexual durante o proceso xudicial.
5. Elaborar un Plan de extensión dos servizos públicos en materia de coidados incrementando o número de prazas públicas de escolas infantís, centros de día e de discapacidade co obxectivo de garantir a co-responsabilidade social.

Debate:

A Sr^a. Concelleira Cebral Gómez sinala que imos votar a favor por suposto, e que desde Brión seguiremos traballando para lograr a igualdade efectiva entre mulleres e homes.

Votación e resultado:

Sometida a votación a moción, dáse o seguinte resultado:

Votos a favor: 12, pertencentes aos grupos municipais do PSG-PSOE (7), PP (3) e BNG (2).

Votos en contra: 0.

Abstencións: 0.

Queda aprobada a moción nos seus propios termos.

6º) ROGOS E PREGUNTAS.

6.1. Rogos e preguntas formulados por escrito polo grupo municipal do BNG:

1. SOBRE A POSIBLE CONCESIÓN DA INSTALACIÓN DUN APROVEITAMENTO HIDROELÉCTRICO NO RÍO TAMBRE.

Esta semana pasada o noso grupo tivo coñecemento a través dos medios de comunicación (como toda a veciñanza) do posible estudo e concesión dunha central de bombeo ao carón da actual central do río Tambre.

Obviamente veciños e veciñas, non só da zona da Comanda, chamaron preguntando a este grupo xa que o concello unha vez máis fixo alarde de, ou descoñecemento ou escurantismo, máis en todo caso, de desidia ao non informar previamente a ningún dos numerosísimos grupos da oposición nin a ningún veciño (loxicamente preocupados).

O goberno municipal, preocupadísimo pola acción da oposición, que non pola desinformación dos veciños, convocou unha xuntanza para este xoves. Xuntanza a que procuraremos asistir dado que aos partidos da oposición aínda non se nos informou de modo algún.

Xa que o lugar para informar aos grupos é este salón de plenos e non as páxinas do concello solicitamos a información que ata agora teña este goberno sobre o proxecto, sobre os movementos, sobre as consecuencias ou beneficios, e en xeral sobre o pouco ou moito que se

teña coñecemento deste proxecto. Sabemos que o concello non é o executor do proxecto en se, mais si o que recibe a información e en definitiva quen como se publicou no día de onte deberá confirmar se se pode ou non construír dita central. En todo caso, o noso grupo, o que traemos a este pleno, unha vez máis é a continua desinformación do equipo de goberno.

A Sr^a. Concelleira Cebal Gómez responde que nós somos unha administración e temos que cumprir a lei e non podemos dar unha información se non coñecemos todo; esas 1.500 páxinas as recibimos hai uns días e por iso contratamos unha empresa de enxeñería para estudar e avaliar ese proxecto, para saber que se pretende facer e como vai afectar ao noso Concello, por iso mañá serán os técnicos os que darán a información e para que a xente teña onde acudir para resolver as dúbidas.

O Sr. Concelleiro Penas Corral sinala que entendo que non serán de ningunha das empresas que concorren no proceso.

O Sr. Alcalde responde que evidentemente non; nós contratamos unha empresa externa; engade que de oscurantismo nada, chegou o documento o mércores e teño a mesma información que ten todo o mundo, porque se atopa en exposición pública dende o mércores, antes soamente veu por aquí un comercial cun folleto de cinco follas para dicirme que tiñan plantexado iso; nós non avaliamos nada mentres non teñan todos os permisos, e todos os días se presentan proxectos, hoxe mesmo un de Mercadona por exemplo para Os Ánxeles.

O Sr. Concelleiro Penas Corral sinala que nos xornais saíu o alcalde dicindo que coñecía o proxecto dende hai dous meses; chamáronos veciños dicindo, algún incluso, que chegou xente preguntándolles polas fincas dos seus pais, e que ao mellor todo isto non queda en nada como pasou noutros concellos. Nós o que dicimos é a tardanza coa que se resolven as inxerencias dos veciños.

O Sr. Alcalde sinala que saíu nos xornais, pero eu non falei con ninguén da prensa; estamos traballando para informar aos veciños e a nós dos beneficios e prexuízos que poida ter esa actuación para os veciños e para o Concello.

2. SOBRE OS ACTOS VANDÁLICOS EN BRIÓN.

Como nos últimos plenos informouse sobre numerosos actos vandálicos no noso concello (electricidade, parque de cans, patrimonio, etc) solicitamos información dende o noso grupo sobre dous aspectos concretos:

- Que está a facer o concello en materia de seguridade neste sentido?
- Tense algunha información sobre os pasados actos vandálicos, fíxose a denuncia correspondente?

A Sr^a. Concelleira Cebal Gómez responde que como comprenderá non sabemos quen fai iso, déuselle traslado á Garda Civil; os do alumeado público non volveron suceder, pero están a suceder moitos actos vandálicos e pedímoslle maior presenza no Concello á Garda Civil, pero teñen que estar en todos os concellos porque hai actos en todos os concellos.

Finalmente sinalar que agora mesmo temos dous policía locais que están a facer as prácticas na Academia Galega de Seguridade e logo de que rematen o curso poderán incorporarse como policía locais, e vaise mellorar o vehículo da policía local para intentar dar solución a estes problemas.

3. SOBRE O PARQUE INFANTIL DE LAMIÑO.

Cal é a situación da execución da obra no parque infantil de Lamiño, actualmente pechado para o uso dos rapaces? A que se debe todo o retraso na execución?

A Sr^a. Concelleira Cebral Gómez responde que o feito de que non haxa movemento non quere dicir que estea parada, porque o montaxe da estrutura faise nas propias instalacións da empresa.

O Sr. Alcalde sinala que na semana que ven desmontase o que hai e montarase a nova estrutura, e está pechado por iso, o proxecto vai facerse pero hai que desmontar o que hai alí e montar o novo, empezárase a executar a obra que xa está montada.

6.2. Rogos e preguntas formulados por escrito polo grupo municipal do PP:

1. Volvemos a traer de novo a este pleno o estado no que se atopa o IES Viceso, xa sendo coñecedores do estado de conservación no que está, e xa se comentara neste pleno o tema do uso do mesmo, indicar que o pasado mes de xaneiro volveuse ver a un grupo numeroso de xente xogando ao paintball no recinto.

- Estase dando autorización para o uso do mesmo?

- Aínda está en concesión?

Agora que se contratou mediante unha empresa a limpeza do Concello, poderíase proceder á limpeza de toda a maleza que ten o IES?

A Sr^a. Concelleira Cebral Gómez responde que tiveron autorización ata o ano 2021; nós non coñecíamos a celebración desa proba, pero non poden estar alí, non tñamos constancia diso, controlarémolo.

A Sr^a Concelleira Fariña Bellón sinala que foi o 28 de xaneiro.

Engade Sr^a. Concelleira Cebral Gómez que o contrato é para os recintos públicos especificados nos pregos, pero isto non forma parte do contrato; non obstante intentaremos que aquilo se poida limpar polo tema da prevención de incendios.

O Sr. Alcalde sinala que se vedes algo o comuniquedes no momento, para erradicar ese problema.

2. No último pleno falouse de potenciar as rutas de sendeirismo, en concreto da ruta do Pozo Negro, a vista de como está a estrada de acceso ao mesmo, solicitamos que dende o Concello se arranxe o mesmo e se proceda á limpeza das árbores que se atopan tiradas nese acceso, que caeron a causa do temporal acaecido no mes de xaneiro.

A Sr^a. Concelleira Cebral Gómez responde que tes razón; ao da limpeza xa se procedeu, temos tomado nota para limpala e arranxar esas deficiencias.

3. Comentado con varios veciños, existe unha queixa xeneralizada na estrada DP 0204 que vai dende Mourentáns ata a Cooperativa Feiraco. A parte que corresponde ao Concello de Brión está chea de fochancas, xa a estrada é estreita e a maiores hai que ir sorteando os mesmos. Solicítase o arranxo da mesma na maior brevidade posible.

Indicar que a parte que pertence ao Concello de Ames está en perfecto estado de conservación.

O Sr. Alcalde responde que intentaremos arranxar iso, como xa se fixo con outras peticións que fixestes.

4. O pasado 03.02.2023 na reunión mantida organizada polo GDR Terras de Compostela indícase que está a deseñar a execución dunha axuda que permitirá a Brión recibir 87.000 euros para a execución do proxecto de reforzo de sendas agrarias.

Xa se coñecen esas sendas agrarias que se van reforzar?

A Sr^a. Concelleira Rey Vázquez, de orde do Sr. Alcalde, como presidenta do GDR responde que vai como proposta iso das sendas agrarias, pero aínda non están definidas, ten que asinarse un convenio coa Xunta e despois facerse o proxecto e de momento non están fixadas as sendas.



Praza do Concello, 1
15865 - Brión

981 887 006
concello@concellodebrion.gal
www.concellodebrion.gal

O Sr. Alcalde declara rematado o acto, e a sesión foi levantada sendo as trece horas e trinta e cinco minutos, procedéndose a redactar a acta, de todo o cal eu, como secretario, dou fe.

O alcalde
Vº e Prace

Pablo Lago Sanmartín

O secretario

Javier Nieves González